

MEDIDA DA DENSIDADE DE VARIAS SUBSTANCIAS

Obxectivo: determinar a densidade de varias substancias, comprobar que a densidade non depende da cantidade de substancia e que é unha propiedade característica das substancias puras.

Material: balanza, probeta, auga, dous cilindros de diferentes materiais.

Procedemento:

A densidade é unha propiedade característica das substancias que relaciona a masa que posúe un corpo co volume que ocupa. $densidade = \frac{masa}{volume}$ $d = \frac{m}{V}$

a) **Determinación da densidade de dous cilindros de diferentes materiais:**

1- Medida da masa: Pesa na balanza o cilindro e anota a súa masa na casiña correspondente.


2- Medida do volume:

2.1- Enche a probeta con auga ata unha medida exacta e anota o valor.

2.2- Átalle un cordón ao cilindro e introdúceo dentro da probeta.

Mide o novo volume e anótalo.

2.3- Calcula o volume do cilindro restando o volume final menos o volume inicial.



3- Cálculo da densidade:

	m (g)	V (cm ³)	d (g/cm ³)	d (kg/m ³)
Cilindro claro				
Cilindro escuro				

4- Consulta unha táboa de densidades e determina de que substancia está formado cada cilindro.

- ¿Pode servir a densidade para distinguir unhas substancias de outras?.
- Explica como calcularías no laboratorio a densidade dunha pedra.

b) **Determinación da densidade da auga:**

1- Coloca a probeta baleira sobre a balanza e táraa.

2- Bótalle unha cantidade de auga e anota a masa e o volume.

3- Calcula a densidade $d = \frac{m}{V}$

4- Repite a experiencia cun volume distinto de auga.

- ¿Depende a densidade da cantidade de substancia?.